ANUNCIO DA DIRECCIÓN XERAL DE SIMPLIFICACIÓN ADMINISTRATIVA E DO PATRIMONIO DA CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA, POLO QUE SE INFORMA DA REVOGACIÓN DA DECLARACIÓN DE HERDEIROS A FAVOR DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA DE DON JOSÉ ANTONIO BARBEITO RODRÍGUEZ.

De conformidade co disposto no artigo 159 .1 parágrafo terceiro da Lei 6/2023 do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, infórmase de que por resolución do 4 de novembro de 2026 desta Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio acordouse a revogación da Resolución do 2 de marzo de 2026, pola que se declarou á Comunidade Autónoma de Galicia herdeira *ab intestato* de D. José Antonio Barbeito Rodríguez (DOG nº51 do 17.03.2026 e Supl. Not. BOE nº81 do 02.04.2026), pola posterior aparición de persoa con mellor dereito a suceder.

Este anuncio publicarase no Boletín Oficial do Estado, no Diario Oficial de Galicia, na páxina web da Consellería de Facenda e Administración Pública e nos taboleiros de anuncios dos concellos da Coruña e Culleredo, por prazo non inferior a trinta días naturais.

Santiago de Compostela, *á data da sinatura electrónica*.
O director xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio
José María Barreiro Díaz

Asinado por: BARREIRO DIAZ, JOSE MARIA
Cargo: Director Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio
Data e hora: 06/11/2026 12:50:55

Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio
Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: hl4JEE43s45 https://sede.xunta.gal/cve